

**CONCELLO
DE VIGO****Concellería de
Contratación, Patrimonio
e Xestión Municipal****Área de RRHH e
Formación****OFERTA DE EMPREGO 2014, 2015, 2016****ANUNCIO SUSPENSIÓN 1º EXERCICIO**

Con motivo da presentación por varios dos membros dos órganos de selección de escritos de renuncia á súa designación, por incorrer nunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e outras incidencias; para a válida constitución dos ditos órganos, deberán designarse novos membros en substitución, seguindo o procedemento administrativo legalmente establecido.

Sendo necesario resolver as incidencias e polo cumprimento dos prazos legais necesarios, procédese á **suspensión das datas do primeiro exercicio das probas selectivas seguintes:**

- . **Diplomado/a en traballo social**, fixado para o día 31/07/2021.
- . **Administrativo/a de administración xeral (promoción interna)**, fixado para o día 31/07/2021.
- . **Auxiliar de administración xeral (quenda libre e quenda discapacitados)**, fixado para o 30/07/2021.
- . **Auxiliar de administración xeral (quenda promoción interna e promoción interna discapacitados)**, fixado para o 29/07/2021.
- . **Subalterno**, fixado para o 30/07/2021.

Calquera comunicación ao respecto realizarase por esta mesma canle.

O que se informa aos efectos oportunos.

A TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (resolución 15/07/2021).- Beatriz Domínguez Pereira

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (Decreto de Alcaldía de 16/04/2021 e Acordo da Xunta de goberno local de 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño

